



Recomendación dirixida ao Concello de Cabanas para que realice as xestións necesarias coa Consellería de Medio Rural para posibilitar, mediante o correspondente convenio, a execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa na parcela afectada.

Expediente: F.11.Q/6873/21

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D. XXX.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón que ten eucaliptos moi grandes a carón da súa vivenda, con perigo de lume ou que caian encima da edificación. A Xunta de Galicia e o concello non concordan nas súas competencias. A parcela é a nº XXX do Concello de Cabanas. Reclamaron ante (..) e o concello de Cabanas por rexistro 2303/RX1366001

A parcela figura no catastro a nome dunha persoa xa falecida e ninguén se quere facer responsable da limpeza da finca e temen pola súa vida e da súa familia.

No informe sobre a situación, achegado pola Consellería de Medio Rural, faise referencia xa a unhas dilixencias previas instruídas coa proposta de incoación de expediente sancionador nº 15/105/15015/03 por existir infracción e non atender o requirimento de xestionar a biomasa e que remóntanse ao 09/06/16, data na que se enviaron ao Servicio Xurídico da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de A Coruña.

Do informe remitido pola Consellería de Medio Rural resulta clara a competencia para vixiar as obrigas de xestión da biomasa vexetal e para ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de xeito máis concreto, a ordenación e a execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 da Lei 3/2007 contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 desta Lei, conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración Local de Galicia.

Tamén resulta clara a competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria regulados no artigo 22 da citada lei, que corresponde

ás entidades locais nos casos de incumprimento do disposto no artigo 21, así como nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e á consellería competente en materia forestal nos demais casos.

Na documentación enviada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, a parcela obxecto da queixa está situada dentro dunha faixa secundaria de xestión de biomasa, constituída polos 50 m. perimetrais á vivenda (trátase un caso de vivenda illada en solo rústico), medidos dende o seu paramento exterior. Esta faixa non pode conter especies das incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, entre as que está o eucalipto.

A acta de inspección foi realizada polo persoal do distrito e leva data do ano 2016, polo que procede unha nova comprobación do estado da xestión da biomasa.

Conforme ao establecido na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais, poderíamos estar ante dúas situacións diferenciadas:

-No caso das edificacións ou instalacións destinadas ás persoas rematadas sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a responsabilidade da xestión da biomasa vexetal corresponderalle á persoa propietaria dos terreos edificados, que dispoñerá dunha servidume de paso forzosa para acceder á faixa establecida, ata que transcorra o prazo de caducidade de seis anos que se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Se a edificación posúe os devanditos permisos, a xestión da biomasa deberá realizala o titular da parcela denunciada.

Segundo sinala a consellería, en ámbolos dous casos, corresponde ao concello o envío á persoa responsable dunha comunicación na que lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, concedéndolle para facelo un prazo máximo de quince días naturais e incluíndo a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o dito prazo, se procederá á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa. Todo isto consonte co disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais

de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establecen os criterios en caso de incumprimento polas persoas legalmente responsables das súas obrigas en materia de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, tal como estas obrigas quedan definidas logo da reforma das devanditas disposicións pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O 30 de setembro de 2021, rexistrouse nesta institución o informe desa alcaldía no que indicaba que, en relación á plantación de eucaliptos ao carón da vivenda, na data do 20/09/2021, emitiuse informe por parte da Policía Local, así como informe técnico do servizo de Urbanismo en data 27 de setembro de 2021, sobre a situación da parcela denunciada e que procederíase á maior brevidade a ditar orde de execución á propiedade da finca denunciada para que procedera á limpeza da parcela e xestión de biomasa, de conformidade coa lexislación vixente.

Novamente, na data do 30 de novembro de 2021, rexístrase nesta institución un informe complementario dese concello no que manifesta que por Resolución da Alcaldía 1270/2021, de data 24/11/2021, procedeuse á incoación de expediente de orde de execución polo estado da finca con referencia catastral XXX.

Segundo consta na certificación catastral incorporada ao expediente, o titular de dita parcela é D. XXX, sen documento de identidade e con dirección incorrecta en Cabanas, non constando no padrón municipal dita persoa, procedendo por tanto en data 24/11/2021 ao envío ao Diario Oficial de Galicia de anuncio de notificación de orde de execución, de conformidade co establecido na normativa vixente.

ANALISE

Á vista do indicado nos escritos da persoa que promoveu este expediente, do contido dos informes e da falta de efectividade das actuacións desenvoltas ata o momento, continuando o risco para o afectado por unha situación ilegal e a súa familia, é preciso facer as seguintes consideracións:

Ao non constar a identidade do actual titular da parcela forestal, cómpre aplicar o disposto no artigo 22 da Lei 3/2007:

-No suposto de incumprimento das obrigas establecidas na lei, cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o

prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.

-Transcorridos os prazos sinalados neste artigo sen que a persoa responsable xestione a biomasa ou retire as especies arbóreas prohibidas, a administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, consonte o establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión da biomasa á persoa responsable. Os custos que se repercutirán poderán liquidarse provisionalmente de maneira anticipada, mesmo na comunicación á que se refire o número 2, e realizarse a súa exacción desde o momento en que se verifique o incumprimento da obriga de xestión da biomasa nos prazos sinalados neste artigo, sen prexuízo da súa liquidación definitiva logo de rematados os traballos de execución subsidiaria. Para a liquidación dos custos correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda ou custo dos traballos realizados na zona de actuación.

-Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria, a repercusión dos custos adiarase ao momento en que, de ser o caso, chegue a ser coñecida, sempre que non prescribisen os correspondentes dereitos de cobramento a favor da Facenda pública. Se a execución subsidiaria inclúe a retirada de especies arbóreas prohibidas, darase traslado da resolución na que se acorde a dita execución subsidiaria ao órgano competente para a incoación do correspondente procedemento sancionador, o cal deberá proceder de inmediato á adopción do acordo de incoación do expediente sancionador e da medida cautelar de comiso das indicadas especies.

-O destino das especies obxecto de comiso será o seu alleamento, o cal será efectuado, nos termos regulados nesta lei, pola administración que realíza a execución subsidiaria. No caso de venda das especies obxecto de comiso, os importes obtidos deberán aplicarse, por parte da administración que realice tales vendas, a sufragar os gastos derivados das execucións subsidiarias da súa competencia.

- O incumprimento das obrigas que a Lei 3/2007 establece por parte da persoa propietaria do terreo implicará o incumprimento da función social da propiedade e será causa de expropiación forzosa por interese social, no caso de que os custos acumulados da execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa que a administración actuante asumise con cargo ao seu orzamento, e que non lle poida repercutir a aquela por descoñecerse a súa identidade, superen o valor catastral da parcela. A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia ou a administración que asumise eses custos con cargo ao seu orzamento terá a condición de beneficiaria da expropiación forzosa e compensará, no momento do aboamento do prezo xusto expropiatorio, as cantidades debidas pola persoa propietaria por este

concepto, sempre que non teñan prescrito os correspondentes dereitos de cobramento a favor da Facenda pública. No suposto de que a beneficiaria da expropiación fora a Administración local, poderá ceder eses terreos ao Banco de Terras de Galicia.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Cabanas a seguinte **recomendación:**

Que o concello adopte con carácter urxente as medidas precisas para resolver a situación, tendo en conta que a propia normativa prevé que nos casos en que, por razóns técnicas debidamente motivadas, resulte inviable que a Administración local poida realizar a execución subsidiaria, poderanse arbitrar medios de colaboración entre a Administración local e a autonómica para posibilitar a execución subsidiaria. Os instrumentos de colaboración determinarán nestes casos a administración actuante e o destino dos fondos que, de ser o caso, se perciban da venda das especies arbóreas.

En consecuencia, que o Concello de Cabanas realice as xestións necesarias coa Consellería de Medio Rural para posibilitar, mediante o correspondente convenio, a execución subsidiaria dos traballos de xestión da biomasa na parcela afectada.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo